

Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno para o martes, 9 de decembro de 2025, ás 10.00 horas.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 a Xunta de Goberno deberá realizar sesión ordinaria cunha periodicidade semanal.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** de Xunta de Goberno, nos seguintes termos:

DÍA: 9 de decembro de 2025

HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*

LUGAR: Sala de Xuntas do Pazo Provincial

* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente unha (1) hora despois.

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2025/43M/XGL PRESIDENCIA

Aprobación da acta da sesión anterior, ordinaria, do día 1 de decembro de 2025.

2. 2025/25652A PRESIDENCIA

Resolución do concurso público para o mantemento do emprego feminino “EmprendOU en feminino”, convocatoria para o ano 2025. Importe 9.472,00 euros.

3. 2025/18362G PRESIDENCIA

Resolución de recurso de reposición presentado pola Asociación de Veciños A Touza

contra o acordo da Xunta de Goberno de data 21/10/2025.

4. 2025/14371S PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Allariz, para Festival de xardíns. Importe: 30.000,00 euros.

5. 2025/14914Y PRESIDENCIA

Ratificación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ribadavia para o cofinanciamento da obra de ampliación e reforma da planta baixa do centro deportivo municipal "o consello". Importe: 200.000,00 euros.

6. 2025/14694Q PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello do Carballiño, para "mellora de acceso parque etnográfico do Carballiño", importe: 100.000,00 euros.

7. 2025/15082J PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Viana do Bolo, para mellora e acondicionamento das rúas en Vilardemilo. Importe: 48.294,21 euros.

8. 2025/20652V PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Cenlle, para a mellora de infraestruturas no núcleo de Pazos Ermos no concello de Cenlle. Importe: 50.000,00 euros.

9. ASUNTOS DE URXENCIA.

10. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

11. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.

